

AVALIACIÓN DE ODS 2024

Dalle que Dalle SCG
F94096021
Rúa Méndez Núñez nº2 2ª planta
3600 Vilagarcía de Arousa



Situación actual

Dende o 2021, Dalle que Dalle fixou un plan de ODS non formal no que se recollía o seguimento da implementación dos ODS 4, 5 e 8, engadindo como complemento a análise das emisións de carbono que constitúen claramente unha acción polo clima (ODS 13). Dentro do ODS 4, estaban seleccionadas as seguintes metas:

- Garantir o acceso igualitario a unha formación técnica profesional de calidade.
- Aumentar o número de persoas con competencias profesionais para o acceso ao emprego ou emprendemento
- Asegurar que os alumnos e alumnas adquiren coñecementos sobre desenvolvemento sostible.

Dentro do ODS 5 só se seleccionaron dúas metas: recoñecer e valorar os traballos domésticos e de coidados non remunerados e promover a responsabilidade compartida; asegurar a igualdade de oportunidades das mulleres no liderado a todos os niveis.

Finalmente, no ODS 8 estaban escollidas tamén tres metas concretas:

- Creación de emprego decente, con igualdade de remuneración por traballo de igual valor.
- Reducir o número de xoves que non traballan nin reciben formación.
- Protexer os dereitos laborais e promover un entorno de traballo seguro .

Para estes obxectivos e metas, establecéronse indicadores que permiten facer un seguimento da situación ao longo dos anos. Debido á inexistencia de sistema de almacenamento de información de xeito sistematizado, foi imposible facer unha estimación da situación de ditos indicadores no 2021. Porén, comezouse a recollida de datos para o ano 2022 e seguintes.

No ano 2023 coa chegada á cooperativa dunha persoa con maior coñecemento en ODS e sostibilidade, elaborouse o plan actual, concretando e ampliando os obxectivos e metas, deseñando un plan de implementación que se detalla a continuación.

Obxectivos

ODS	Meta	Obxectivo concreto
3	3_4	Para o 2030, incrementar nun 20% o número de persoas atendidas en consultas psicolóxicas ou en proxectos de saúde mental
4	4_3	Para o 2030, incrementar nun 20% o número de persoas que reciben formación para a obtención do graduado ou o bacharelato
4	4_4	Para o 2030, incrementar nun 20% o número de persoas que reciben formación para o emprego ou os programas de formación para o emprendemento
4	4_5	Para o 2030, igualar a taxa de persoas participantes nas formacións respecto ao xénero
4	4_7	Para o 2030, incrementar un 35% o número de persoas que reciben formación sobre desenvolvemento sostible ou son beneficiarias de proxectos de sostibilidade
4	4_a	Para o 2030, contar cunha aula inclusiva na sede
5	5_1	Para o 2030, incrementar o número de provedoras mulleres ou de entidades colaboradoras lideradas por mulleres
5	5_b	Para o 2030, incrementar o número de mulleres que reciben formación en habilidades dixitais
5	5_4	Para o 2030, implementar medidas de conciliación e corresponsabilidade na entidade
5	5_5	Para o 2030, incrementar o número de provedoras mulleres ou de entidades colaboradoras lideradas por mulleres
8	8_5	Para o 2030, incrementar o salario das persoas socias traballadoras nun 30%
8	8_7	Para o 2030, contar cun protocolo de contratación que garanta o cumprimento dos Dereitos Humanos das provedoras
8	8_6	Para o 2030, incrementar nun 20% o número de persoas que reciben formación para o emprego ou os programas de formación para o emprendemento

8	8_8	Para o 2030, incrementar unha política de cuidados da saúde mental no entorno laboral
8	8_9	Para o 2030, desenvolver como mínimo un proxecto de turismo sostible na contorna inmediata
11	11_4	Para o 2030, desenvolver como mínimo dous proxectos de protección, difusión e/ou cuidado do patrimonio cultural e natural
11	11_6	Para o 2030, reducir a pegada de carbono nun 10%
11	11_a	Para o 2030, incrementar nun 30% o número de provedores de zonas rurais
12	12_2	Para o 2030, reducir a cantidade de papel empregado na sede nun 30%
12	12_5	Para o 2030, separar e reciclar un 80% dos residuos da sede
13	13_3	Para o 2030, incrementar nun 10% a facturación respecto a proxectos de sensibilización ambiental
13	13_1	Para o 2030, reducir a pegada de carbono nun 10%
14	14_1	Para o 2030, desenvolver como mínimo 2 proxectos relacionados co cuidado dos océanos
14	14_c	Para o 2030, reducir a pegada hídrica nun 5%

Alianzas

Actualmente a entidade forma parte activa de varias iniciativas do territorio como son:

REAS: Rede de Economía Alternativa Solidaria, da que forma parte da Xunta Directiva como vogal, é socia e colabora en diferentes actividades organizadas pola mesma.

Asociación PONT-UP STORE: da que tamén forma parte da Xunta Directiva e contribúe cada ano coa organización da feira de emprendemento PONT-UP en Pontevedra.

Unión de Cooperativas Galegas, ESPAZOCOOP, da que é socia e coa que colabora en diferentes áreas como son aportacións para a mellora da promoción da Economía Social, difusión dos modelos de economía social entre novos proxectos emprendedores e integración dos principios de sostibilidade na xestión cooperativa.

A entidade executou tamén nos últimos anos un proxecto vinculado ao Parque Nacional das Illas Atlánticas, un proxecto de Fundación Biodiversidad, e un proxecto financiado polo GALP (Grupo de Acción Local Pesqueiro) artellados en torno ao territorio, ao restablecemento do vínculo respectuoso co mar, o coidado dos océanos e a biodiversidade mariña, así como a promoción da cultura local.


A entidade xestionou tamén varios proxectos conxuntamente co Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade, co obxectivo de sensibilizar sobre o cambio climático e a importancia dos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) no eido local.

Continuamente a entidade traballa conxuntamente con ONGs a nivel nacional, como son Acción Contra el Hambre ou Ayuda en Acción, para desenvolver proxectos de formación que contribúen á educación para a cidadanía e á inserción sociolaboral de colectivos vulnerables.


Resultados

Área económica

Facturación




Adquisicións locais




Área social


Nº de persoas atendidas en atención psicolóxica




Nº persoas formación para o emprego




Mulleres en programas de formación




Salarios e beneficios



Investimentos en saúde e seguridade




Horas formación impartidas en programas de emprego




Área ambiental


Formación ambiental




Emisiones directas de GEI



Emisiones indirectas de GEI



Auga empregada



Conclusiones

Non foi posible a recollida de datos de horas de redución de xornada por motivos de conciliación e entre outros factores, a dificultade da recopilación de datos para a ampliación e avaliación de xeito sistematizado e semiautomatizado dos diferentes índices puxo de manifesto a necesidade que tiña a entidade da implementación dun ERP.

Debemos seguir mellorando na recopilación de información que permita estimar de xeito fiable todos os indicadores necesarios para avaliar o cumprimento dos obxectivos.

En xeral, os indicadores amosan melloría e da análise dos datos só cabe destacar o incremento das emisións de carbono no ano 2022 con respecto á base de 2021, debido a que o 2021 foi o ano posterior á pandemia da Covid-19, no que as emisións diminúen debido á perda de presencialidade das actividades e imposibilidade de emprego de sistemas de climatización na sede, por ter a obriga de manter ventilación constante. Así mesmo, detéctase un leve incremento no consumo de auga, que de ser confirmado na avaliación de 2025, terá que pasar a ser obxectivo prioritario da entidade.

Outra información de interese

En canto ás estratexias de mellora, este ano comezou a implementación dun programa ERP de rexistro de actividade da entidade que permite a recompilación e análise de datos de xeito máis operativo. Polo tanto estableceremos unhas estratexias iniciais que poderán ser modificadas no transcurso do período segundo as conclusións que se deriven da análise dos datos.

Nesta ampliación da selección, non só se tiveron en conta a misión e valores de Dalle que Dalle senón tamén as áreas de interese das persoas socias e as áreas estratéxicas para que a entidade se manteña como referente comunitario e social.